

# A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano  
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XI



1.º de Nadal de 1927



Núm. 243

## AO DECORREL-OS DIAS

Suscitouse novamente o tema do traslado da estatua de Montero Ríos da praza do Hospital de Santiago.

E agora, o mesmo que denantes, hai manifestacións en pró e en contra do traslado. Fora criterio casi unánime, das outras vegadas que se falou do asunto, *que a praza é moi grande e o moimento moi cativo* como dixo Castelao n'unha xenial caricatura. D'este xeito resulta un adefesio e un atentado como outros mais que hai na histórica Compostela, á configuración artística da cidade en xeneral e da praza en particular. Non se trata d'un aito político senón de bon gusto e de índole puramente artística o tiral-o de onde está emprazado. E non hai política no propósito por canto a estatua non vai desaparecer senón que se levará á Ferradura. Alí estará ben.

Compre que o Concello Santiagués tome o acordo en firme e non demore un momento mais o traslado. Non importa que protesten os que se consideren molestados. Por riba das comenencias e significacións políticas, éstas si que as son, está o bon gusto e o criterio xeneral de Galicia e dos homes que en Galicia teñen capacidade para opinar en preitos como iste. Que non quede en proieito pois senón teremos alí a estatua para a toda a vida e a boa reputación artística do pobo compostelán non pode nin debe toleral-o.

Xa que de moimentos falamos podíamos engadir que facía falla en Galicia un anaco de bon gusto e destruír, non trasladar, a maior parte dos que hai ergueitos en moitos pobos galegos. Aparte do que siñifican pol-as figuras a quenes están adicados. Excrusivamente pol-o horribres e antiestéticos que son. E hai moitos, pódese asegurar que na erección de casi todos o

aspeito artístico e de gusto estivo ausente. É unha verdadeira pena pero é así. Imponíase a necesidade d'unha comisión revisora.

¡Aquel Méndez Núñez, aquela Rosalía de Santiago e aquel da Guarda da Cruña! E citamos istes tres por non citar todos con moi lixeiras excepcións.

Decididamente compre unha revisión e, si non se fai, o que necesariamente hai que facer é ter mais tino no sucesivo para que o número de adefesios non vaia en aumento. Con ésta xa son moitas as vegadas que abundamos na mesma opinión e connosco moitos que reconocen a necesidade d'unha enérxica e saludabre autuación n'este senso.

Finalmente aproveitamos a ocasión para lle rogar á Academia que non demore o segundo concurso para o moimento a Curros na Cruña pois entre unhas cousas e outras xa vai picando en historia. E Curros meresce que se lle faga axiña o moimento e dende logo un moimento bon que garde relación co seu esclarecido nome.

## TERRA DE ARTHUR E DE AMADÍS

Calquera que deite os ollos sobr'o mapa da Gran Bretaña, escutando o perfil atromentado criado pol'a dinámeca atránteica na vella roca, pararáse a considerar o anaco de costa que dend'a badía de Liverpool ó canal de Bristol franquease n'un abrir de brazos de pedra pr'a veciña Irlanda. A *irmanciña adourada* non fuxiu lonxe pol'a mar adiante; alí está, por fronte, cinguida de brétemas, de lëndas, e dona do pörvir pois n'ela o ensoño foi guieiro da enerxía. Pol'a parte da Inglaterra dous ríos (o Severn e mail'o Dee) defenden con centíleos d'espada o cerne céltigo do País de Gales.

Na grande illa en ningures chega a montaña a tal prestixio de romántica fermosura. O Snowdon garda os cumes aredondados e os vals nórdicos criados pol'os lazos cuaternarios. Ises peisaxes bravos da Scandinavia, dos Wiklows irlandeses, da Scocia, de Gales — amigos na súa mudeza do pensamento ardente e da inmorredoira palpitación das esenzas raciales. Mais os vals acougadores raiolan coma estrelas dend'os macizos e

n'eles dorme a fonda pureza dos lagos. To d'arredor do curazón da montaña deitáanse as terras labregas xuntándose pol'o leste c'as verdes campías inglesas, abríndose á mar nas praias de Carnarvon, de Cardigan, de Pembroke e Carmarthen e cuaseque xuntáanse á illa de Anglesey, antiga sede dos druidas. Os 26.400 kilómetros cadrados do País de Gales semellan unha Armórica mais isolada, mais nordesía e montanhosa.

Na rexión sul fíxase dende séculos unha grande moitedume humán desenrolada no traballo do ferro e do carbón. A conca hulleira é a segunda da Gran Bretaña: 120 kilómetros por 20 ou 25. Cardiff, Swansea, Newport: disformes vilas afumadas, tremantes pol'o balbordo do traballo, relacionadas con total'as portas do mundo. Swansea garda dende fai tempo a hexemonía na industria do cobre, as vetas que n'outrora esprotaban os romanos c'as leñas do bosque de Dean sosteñen hoxe mais de 25.000 obreiros soilo pra fabricación da folla de lata. Mais todo o resto do país conserva as vellas cidades

presídidas pol'os castellos normandas ou as catedrals saxonas (Fluit, Bangor, Carnarvón, Cardigan, St. David) e na montaña o vivir ceibe dos pastores.

No século VI, inda a bandaenteira do W. e do N. da illa mantiñase forte contr'os xermanos: mais diant'o pulo dos anglo-saxós a ceibe confederación céltiga fendeuse, e o Gales (o Welsh, dos saxóns) ficou dividido do Cornwall en 577, da Scocia no 616. Os ingleses entraban pol'as chairas, pol'as costas e rubían pol'os vals erguendo os castellos núcreos de vilas (Moumonth, Hereford, Chester, Carnarvón) qu'hoxe figuran entr'as roínas mais suxerentes da Edade Meia. A rexión N. presidida pol'o macizo do Snowdon mantívose independente (o Gwynedd) c'os seus reises Kymvis hastra o final do século XIII: os derradeiros reises Slewelyn e David foran mortos baixo Enrique II d'Ingraterra o cal querendo fazerse amavel os novos subditos diu o seu herdeiro o primeiro tídoo de Príncipe de Gales.

Morreu a língoa céltiga do Cornwall; en troques a vida do galés fai d'ista terra unhas

das espranzas da Celtia renascente. Dos 2.290.700 habitantés, 787.000 falan céltigo e ingrez, 190.292 falan somentes o céltigo. Os condados de Anglesey, Cardigan, Carnarvón, Merioneth e Carmarthen gardan a mór porporceón. En conxunto as terras que compuxeron o reino de Gwynedd demoran a citania da vella fala.

Gales ten d'abondo os elementos de nacionalidade pra figurar federativamente no Imperio Británico, e car'ista soluceón orientanse d'un xeito crecedeiro moitos espritos eleitos. Os hestoreadores botan a culpa da morte políteca do país á falla d'un centro xeneral n'unha terra en moito grado aberta os chaos ingleses e as invasións chegadas pol'o camiño da mar. Hoxe a Universidade de Aberystwyth mantén aceso o fogar do espírito adicándose a arqueoloxía, o folklore, a língua e literatura da terra do rei Artús cantado por Ramón Cabanillas e do Doncel da mar, Amadís de Gaula.

R. OTERO PEDRAYO

## C O U S A S

En Madrí vaise celebrar a exposición do libro catalán na que figurarán os libros editados no idioma de Verdaguer dende o ano 1900. Outra proba mais que Cataluña nos dá do seu amor pol-a literatura propia. Un novo exemplo e unha nova leición que debéramos aproveitar en Galicia, non digo para facer exposicións en Madrí, si non para lle adicar mais amor e entusiasmo, mais axudas á literatura galega que hoxe gracias a uns cantos patriotas volta pol-os seus foros e rexurde novamente a unha vida que será emprendorosa. Pero aíada é preciso, por parte de autores e lectores, autuar con mais aitividade. O camiño vaise percorrendo pero compre andalo mais rapidamente. N-isto como n-outras cousas hai que ollar para Cataluña.

Basilio Alvarez ven dando unhas conferencias no Centro de Galicia da Corte, que son maxistrás leicións de historia e psicoloxía galegas. Co'a súa fantasía, n'este caso encaixada profundamente na realidade, está entonando hinos ás nosas virtudes raciás e dándollas a conoser ao pobo hespañol.

Basilio Alvarez está cumprindo unha labor de bón galego que meresce os mais calurosos aprausos. Sería interesante recoller en folletos de propaganda os seus discursos. Pol-o menos compre recomendar a lectura meditada das reseñas que publican os xornás.

En Barcelona por se axuntar para apraudir a un bispo resultaron feridas varias rapaciñas. «El Motín» podíalle tirar punta ao caso relacionándoo con cousas ultra-terréas.

Sería curioso lér o que dixera o mesmo que o que lle habería de contestar «El Debate» ou «El Siglo Futuro».

\* \* \*

Os *regionalistas* cataláns, os vellos, querían voltar novamente á vida pública. O goberno non o tolera e danos unha nova e contundente proba da súa aptitude en materia rexonalista. Sempre é intresante.

Por outra parte penso que fai ben pois eso do *regionalismo* a estas alturas cheira a cousa vella e mandada retirar. E senón deixemos andar o tempo que é o supremo xuezo.

\* \* \*

Anque incidentalmente, n'unha das derradeiras sesións da Asamblea Nacional, un asambreista, o conosciudo xaimista do vello réxime señor Pradera, dixo que a Patria non é o Estado.

Conformes de toda conformidade. É unha cousa tan crara que non concibo que haxa quen pense d'outro xeito.

VICTOR CASAS

## O GALEGUISMO NA ARXENTINA

Continúan os galeguistas de Bós Aires, que teñen na gran revista «Céltiga» o seu pertavoz patriótico, traballando no rexurdimiento do galeguismo entre a Colonia galega da Arxentina. O ano pasado celebraron a «Semán Galega» con conferencias encol de arte, literatura e pensamento galegos.

Este ano, no presente mes, aniversario do aforcamento de Pardo de Cela, van a celebrar outra nova semán galega.

Entre os aitos que van a facer figuran os seguintes:

Homenaxe pública á lembranza de Pardo de Cela. Evocación histórica, por Ramón Suárez Picallo. Alalás e Gaita, por radiotelefonía.

Conferencia a cárrego de Eduardo Blanco

Amor, encol de «Eduardo Pondal e a poesía galega».

Conferencia de D. Eloy Fariña Núñez, sobre o tema «Vicente Risco, a filosofía e o actual renacemento galego».

Conferencia de Francisco Luís Bernardez, encol de «Alfonso Castelao e o humorismo galego».

Conferencia encol de «Arte Galega», por Francisco Lamas Barreiro.

Conferencia por Lino Pérez, sobre «Música Galega».

Conferencia de Antonio Alonso Ríos, encol do tema «Nacionalismo».

Conferencia de Ramón Suárez Picallo, sobre «Sinificación social das Irmandades Galegas».

Concerto de música galega pol-a orquesta «Celta».

Foliada Gallega.

Conferencia de Antón Villar Ponte, encol do tema «Os novos valores galegos», leída por Ramón Isla Couto.

Conferencia de Pedro Alcántara, sobre o tema «Curros Enríquez, a súa vida e a a súa obra».

Como se verá pol-os temas e pol-os només dos conferenciantes os aitos a celebrar van á ser d'unha intensa e forte emoción galega e acendrado patriotismo.

Causa realmente ledicia ollar como batallan éstos rapaces pensando sempre na exaltación do sentimento galego e no progreso da nosa arte e literatura. Ben merecen o agradecimento e alento dos bós patriotas.

## A LITERATURA GALEGA

Ben recente aínda a publicación de «Estebo» a novela de Lesta Meis que está acadando un éxito grande e saíndo do prelo a «Historia Sintética de Galicia» por Ramón Villar Ponte e «Dibuxos en Linoleum» de Xaime Prada, as dúas poranse á venda no corrente mes de Nadal, xa a editorial NÓS prepara unha nova obra que sairá moi logo.

Trátase d'un tomo de versos orixinás do gran poeta irlandés Yeats, o mais grande poeta da illa irmán e un dos mais universalmente conosciudos e ademirados poetas mun-

diás na hora presente. Encarréganse da tradución o distinto escritor Prácido R. Castro que conosce admirablemente a literatura irlandesa e Antón Villar Ponte. O libro que de por sí xá constituíe unha nota intresantísima levará un prólogo do mesmo Yeats feito adrede.

Como se vé é fundamente importante e de gran intrínseca a nova que hoxe comunicamos aos nosos lectores e ao mesmo tempo un motivo mais para facer resaltar o feito xurrido do progreso da literatura galega que continúa firmemente o bón camiño iniciado n'estes derradeiros anos e hoxe en espréndida frocación. Todo canto a esto refírase, o pan do espíritu, ten que ser sempre por nós agarimosa e entusiásticamente comentado. Agardamos, e como nós cantos teñen intrínseca pol-a literatura propia, con verdadeira ansia a publicación do libro de Yeats.

## De autualidade

SEGÚN S. VINARDELL, A CONTESTA DO PRESIDENTE AOS REXIONALISTAS TEN PRODUCIDO «GOZOSOS EFECTOS».

Copiamos a continuación e sin traducir esta crónica que publicou o xornal «La Noche», de Barcelona.

«En cuanto apareció en estas páginas la interviú que el amigo Gaya acababa de celebrar con el Sr. Durán y Ventosa, me apresuré a pedirle una audiencia al presidente del Consejo.

El asunto valía la pena. No me alabo de mi iniciativa. Lo mismo se le hubiera ocurrido al portero de mi casa.

Haciendo imposible la interviú solicitada, apareció la nota oficiosa fulminante.

Y el presidente tuvo la atención de escribirme: «...por ahora, dada la índole del asunto y la repercusión y acogida que ha tenido en algún periódico de ésta, conceptúo que es mejor que una interviú particular para «La Noche» el contestar, con carácter oficioso y de una manera general, a la tendencia y propósitos del señor Durán.»

Así las cosas, mis deberes informativos,

desviándome de la presidencia, me llevaron a la calle. Y quien dice a la calle quiere decir al domicilio particular de algunas personalidades y al «hall» del «Palace», que es donde se puede ver a más personajes.

¡Cuanto júbilo, Dios mío!... Todos estaban encantados de la «nota». La actitud del general Primo de Rivera les tenía entusiasmados. No había en su vocabulario palabras suficientes para alabarla.

Un ex-director de Aduanas me decía:

—Yo iría ahora mismo, de buena gana, a felicitarle. No quisiera acordarme de que figuro entre los caídos. ¡Ah, si no fuera por el qué dirán!... Primo de Rivera ha estado admirable. En esto todos los buenos patriotas estamos a su lado incondicionalmente.

—¿Lo dice usted por haberle cerrado el paso a la «Lliga» y a Cambó?

¡Claro!... Pero esto es lo de menos. Lo digo por la energía con que ha defendido, noblemente, la intangibilidad de la patria.

Ahora podría yo ir repitiendo lo que me han dicho a este respecto muchos personajes del antiguo y del nuevo régimen. Pero el ex-director lo ha dicho con tanta precisión y tanto entusiasmo, que sus palabras resumen admirablemente lo que, en idéntico sentido, me han expuesto los demás.

Sí: la «nota» del jefe del Gobierno, al atacar, resueltamente, la más leve intención autonomista, ha tenido la virtud de unir a los hombres de más opuestas tendencias en un solo bloque compacto.

El general Primo de Rivera puede asegurar que, para defender el sistema unitario, cuenta con todos los prohombres de la meseta. Cuando se trata de defender la intangibilidad de la España única, los ex-ministros arrinconados y los ex-parlamentarios reducidos al silencio—liberales, conservadores y republicanos—le proclaman caudillo.

—¡Así se hacen las cosas!...

—Nosotros fuimos en esto demasiado débiles.

—Esa tendencia criminal hay que perseguirla sin contemplaciones.

El director de un periódico de la mañana me dijo:

—Yo indultaría al ladrón y al asesino. Al catalanista, no.

La «nota» del marqués de Estella ha vuelo a dar calor a un tema olvidado. Son muchos los ex-políticos que opinan que hay que reducir el uso del «dialecto» catalán a la intimidad de los hogares.

Un ex-senador demócrata decía:  
—Como él no le dé la puntilla a todo eso, no se la da nadie. Yo no me explico que se tolere la publicación de periódicos y revistas en este dialecto que el «A B C» calificó, muy justamente, de «jerga arbitraria».

El viejo periódico madrileño «El Imparcial» echa también las campanas al vuelo sintiéndose orgulloso de que sus ideas tradicionales hayan sido tan briosamente defendidas por el jefe del Gobierno.

El cronista, como un notario, está en el deber de hacerlo constar así.»

S. V.

## TEMAS DE RECURSO

N'estes tempos de difícil e casi imposible exposición do pensamento hai que andar á esculca de temas que non caian na xurisdicción do lápiz bermello e que ao mesmo tempo poidan ter algo de intrínseco para os lectores. Por eso hoxe atopamos no que imos a decir motivo para cubrir unhas liñas d'este número no lugar que ocuparían si poidera ser outras de mais elevado pensamento e exposición enérxica.

É o caso que eiquí na Cruña estánse abrindo casi a cotío novos establecementos con nomes galegos. Hoxe pasan seguramente da dúcia os que hai. Temos entendido que en outros pobos de Galicia sucede o mesmo inda que non en tanta proporción.

Craro está que todos eles son establecementos dedicados á venda de viño. E por esa beira resulta certamente un pouco dóroso que sexan únicamente eles os que fan esta obra. Unha obra que anque pareza que non, ten o seu fondo enxebre e galeguista, un galeguismo de *lacón con grelos* que definiu Risco pero galeguismo ao remate.

Pol-o de pronto rebela un acaroamento as cousas da Terra, inconsciente si se quere,

d'un sector determinado do pobo galego. Esto non pode ser unha iniciación d'un futuro galeguismo conscente e verdadeiro? Non é difícil.

Pol-o menos indica o feito un algo que fai dez anos non había. E quen sabe aínda o que pode sair d'él. Total-as cousas requiren un comenzo e xá se sabe que en materias tan esprituás e elevadas como o patriotismo, e mais un patriotismo galego, non se pode esixir un comenzo sólido e definitivo.

Non está mal que por algo se comence.

Se cadra o que agora fan os establecementos de bebidas farano mañán outros comercios e paseniñamente poidase chegar ao que o galeguismo conscente aspira.

Poida que suceda n'esto como no teatro galego que comenzou con choqueiradas e hoxe conta con varias obras boas. No teatro catalán sucedeu o mesmo. ¿Quén sabe?

Pol-o de hoxe celebramos que a cousa cunda confiando aínda no día de mañán.

Se así fose parécenos que ben merese a pena terse parado n'este tema para escribir encol d'él unhas cuartillas e mais aínda agora que a necesidade e as circunstancias obrigan.

V. C.

Apareceron editados por "NÓS"

### "Dibuxos en Linoleum"

por Xaime Prada

2'50 pesetas.

e

### "Historia Sintética de Galicia"

por Ramón Villar Ponte

5 pesetas.

Pedidos a NÓS, Publicacions Galegas  
e Imprenta, Real, 36-1.º A CRUÑA.

# Alando a Traiña

«—¡Ala panos, peneireiro,  
ala panos, Manuel;  
ala panos, peneireiro,  
ala panos eu tamén!...  
¡Ei!... ¡raina!... ¡Ei!... ¡raina!...»

(Canzón dos trañeiros de LAXE).



O rosáreo de colchos e aparello  
os barudos peixeiros van alando  
e das gorkas sonouras sai o vello  
cantar que fai mil anos vên cantando:

—Ala panos, peneireiro,  
ala panos na paneta;  
¡ala panos, peneireiro,  
que oxo hai peixe como area!...

E, ô rolán do estribelo,  
os seus corpos balanzan:  
—¡Ei... ¡raina!... ¡Ei... ¡raina!...

Mentras alan, descalzos, a traña,  
e, â salmuira, mestúranse os suores,  
revoa, câl revoa unha anduriña,  
a triada que conta as suas dôres

¡Sempre, ¡sempre!, traballando,  
dende a mañán hastra â noite...  
¡e sempre probes ficamos!...

C-ô estribelo decote,  
barcos e corpo abalan:  
—¡Ei... ¡raina!... ¡Ei... ¡raina!...

E por sôbor dos berros das pardelas,  
gaivotas e mascatos que revoan  
darredor da copeada da traña,  
—n-entán parés sorriran as patelas

e, as lanchas, que s-escoan,  
c-ô bô lanse da xarda e da sardiña—  
dan ôs ventos aquéles probes páreas  
as suas cantareas milenáreas,

que xa findan mainiñas...  
mainiñamente... mainas:  
—¡Ei... ¡raina!... ¡Ei... ¡raina!...

A. ZAPATA GARÍA



## O AMOR AO LIBRO

Agora que está a punto de se abrir a Exposición do libro catalán en Madrí, é ben oportuno o falar do amor aos libros. Si pensamos na actitude do home da rúa e da muller da súa casa diante dos libros, teremos de recoñecer que son moi poucos—e aínda máis poucas—do que os estiman, e que son moitos—e aínda moitas máis—os que os detestan.

A indiferenza pol-o libro é debida á ignorancia, á analfabetismo de primeiro ou de segundo grado. Quen non estima aos libros e non-os lê, é porque non sabe lêr. E compre ter en conta que hai xente que sabe de letra e que non sabe lêr. Istes derradeiros, diante das letras, manuscritas ou impresas, delectrean, pero non lén.

O caso máis curioso é o d'aqueles que sinten pol-o libro, non xa indiferenza, antes ben menosprezo e hostilidade. E a fé que istes enemigos do libro son, na nosa sociedade, máis abondosos do que semella. Eíste un enraizado prexuízo contra do libro, e sobre de todo contra da lètura. Non é unha invención literaria a dos pais que consideran a afeición aos libros e á lètura, por parte dos seus fillos, como un síntoma alarmante. Aquel que lê moito e gasta diñeiros en libros, é mirado de cote como un home fantástico e dilapidador.

¿E as mulleres? ¡Ai, as mulleres! ¡Cantas «fabricantes» hai, por exemplo, que se crén no deber de vixilar a pródigo alidade bibliográfica dos seus maridos! De todo os gastos da casa, ningún lle sabe tan mal a estas donas como os de merca de libros e suscripción á revistas. Cada vegada que cai nas súas brancas mans un recibo correspondente a ista crás de gastos, ¡que mal humor, que de queixas, que consellos impertinentes! «¡Non sei por que has mercar tantos libros! ¡Non sei por que has ter todas istas revistas! ¡Ti és demasiado bon, e todos che fan dal-os cartos!» De seguro que algunhas d'istas donas pensan por dentro: ¡Qué manífico anelo que podería engadir aos dez anelos dos meus dedos co diñeiro que custa a biblioteca que estorba a casa!.

Convén unha ofensiva contra da bibliofobia aguda de damas e cabaleiros e contra da bibliofobia crónica e difusa de moita outra xente. Hemos reivindicar o libro, hemos de honralo, hemos amosstrar o orgullo do libro belo e do libro bó. Compre denunciar e envestir e avergonzar aos indifrentes e a os hostiles ao libro, e sobre de todo dos avaros dos gastos de libros, que son os máis tristes avaros. Compre estimular o amor ao libro, non soio porque este amor crea o millor ambiente para a produción literaria, antes aínda porque é unha sinal de nobleza intelectual nos homes e de forza espiritual nos pobos.

A. ROVIRA I VIRGILI.

N. da R.—Traduzimos o anterior artigo que se publicou en «La Publicitat» de Barcelona porque si en Cataluña, onde pasaron dos 6.000 volumes, compre loitar cos enemigos do libro, eiquí, onde non chegamos aínda ás 6 ducias, todo canto se diga contra da xenreira á cultura é pouco.

---

## PENEIRANDO

No «Orzán» da Cruña, V. Fernández Asís falou da novela de Lesta Meis «Estebo», recentemente publicada e lanza afirmacións pelengrinas e rutinarias que merecen comentario. Pol-o visto para ese señor o idioma galego somentes está xustificado en novelas como «Estebo» de ambiente enteiramente rural. Xá non lle parece ben en troques que se espriquen leicións de historia e xeografía en galego.

Pol-o que se vé ao señor Fernández non lle cabe no maxin, non sabemos si será por incapacidade, que o idioma galego que é un idioma como tantos outros e aínda máis com-preto que moitos, sirva para total-as manifestacións da vida, da arte e das letras. Es-quece que o portugués, que é o galego máis modernizado e adulterado, emprégase para todo e o catalán tamén é como estes dous, outros idiomas de pobos de igual extensión que Galicia. E ademais ignora que o mesmo galego vense empregando desde fai algúns



anos en todol-os campos da literatura incru-so na filosofía.

Non val a pena encabuxarse porque aínda haxa quenes teñan intrés en seguir tomando como artigos de fé opinións xa d'abondo refutadas e pasadas de moda por vellas e falsas. Así pois o millor que pode facer o señor Fernández é enteirarse ben para non caer en tópicos e vulgaridades como as que dí no seu artigo. Si é galego e escritor é o menos que pode facer.

\* \* \*

A Sociedade do Fomento do Turismo da Cruña publicou un fermoso album de propaganda. Está ben, primorosamente ben e non merese mais que gabanzas. Ollándoo atopámonos con un detalle que sí merese censura. Unha fotografía do «botafumeiro» da catedral compostelán con un pé que dí; *El gran incensario de la catedral.*

Pol-o visto os editores quixeron enmendar a plana a todos cantos imprentaron obras d'este carácter que aínda sendo feitas fora de Galicia sempre chamáronlle ao incensario pol-o familiar e vulgarísimo nome galego de «botafumeiro», que é como todo o mundo lle chama, aínda os estranxeiros.

Parécenos un estúpido afán somentes comparabre a aquel da condesa de Pardo Bazán cando lle chamou á porción *dos calladinos, de los calladitos.*

Dende logo revela moi pouco apego á tradición e aos costumes puramente galegos o cal resulta inadecuado para a atraición de forasteiros quens buscan sempre a nota típica e característica por riba de todo. Aparte xá da nota antigaleguista que supón o feito e que queremos resaltar con éstas verbas.

\* \* \*

Tamén «La Voz de Galicia» de vez en cando permítese trocar os nomes galegos das cousas traducindoos literalmente pois aínda non fai moitos días chamáballe *los carreros* aos *carreiros* do porto da Cruña. Tan vulgares e conocidos entre a xente de mar que os bautizou na fala vernácula que empregan a cotío. Todo eso a pesar de que o redactor

xefe da «Voz» no seu discurso de ingreso na Academia galega falou da toponimia e combatu aos que caen no pecado, en que caeu o xornal dos seus amores. Se non chega a ser así...

\* \* \*

Xa se deron dous casos na Asamblea Nacional de oradores que dixeron os seus discursos d'unha maneira tan vertixinosa que foilles imposible aos taquígrafos o recolle-os.

¿Será tamén un novo xeito de oratoria ou será que adeprenderon os discursos como adeprenden as cousas os nenos?

\* \* \*

O outro día enterámonos de que en Madrid no xogo de poker con dados, que agora tanto priva, chámanlle *gallegos* aos noves que como se sabe e a ficha que menos vale. Isto nos demostra que aínda agora e a pesar de todo en Madrid siguen tendo dos galegos un conceito baixo e aldraxante.

Parécenos que n'estas cousas a millor maneira de desvirtuar este conceito e facéndoo personalmente e do xeito mais violento cando un verdadeiro galego, un galego conscente do seu deber, oia unha d'estas frases inxuriosas. Está visto que non queda outro remedio. Outra frase que se usa moito en Madrid é a de desafiar a un decíndolle *gallego si no lo haces.*

Parécenos que a pacencia ten tamén os seus lindeiros e vai sendo hora de que a nosa toque a remate.

\* \* \*

Anúnciase a aparición en Santiago d'unha revista titulada «Cartel». Como decote sigue privando en Galicia o afán de imitación, porque isto é unha imitación do «Cartel» francés xá imitado en Madrid por Giménez Caballero ún dos do ridículo *meridiano.*

Bueno. Contaremos logo con outra revista máis inspirada no bilingüismo e na cursileiría. Unha mais que engadir ás que xa van publicadas e que dende logo levará, afortunadamente o mesmo camiño que levaron as anteriores.

E senón ao tempo

\* \* \*

Miguel de Zárraga é un señor que porque un día escribiu un artigo no «A B C» falando con xusticia do que é A Cruña e despois outro no mesmo xeito falando de Vigo as ridículas *fuerzas vivas* galegas sentíronse no deber de consideralo como un novo descubridor de Galicia e agasallárono esaxeradamente. Agora o mesmo señor dí que o porto hespañol mais cercano a Norte América é Santander.

¡Adiós ilusiones!

Nós reímonos a fartar porque casos como iste estanse dando a cotío en Galicia. O que non acabamos de ver é o día en que entrará en todos o convencimento de que con estas cousas faise o ridículo mais espantoso e déixase en moi mal lugar o bon nome de Galicia e dos galegos.

Hai que convencerse d'unha vegada e para sempre de que nós non precisamos a ningún de fora que nos veña a descubrir. Sabemos perfectamente o que somos e o que valemos.

A ver se con estas duras leicións adeprén-

dese anque non sexa mais que a ser comidos nos agasallos con quenenes non os merecen.

## LECTURAS

ALCOR, JUAN VIDAL MARTÍNEZ

UN libríño de versos que acaba de publicar o noso amigo Juan Vidal Martínez. Duas dúcias de poesías breves en castelán e de xeito modernista sin caer nin moito menos na extravagancia incompresible da maioría dos poetas novos en castelán que aparecen ourentados ao xeito futurista. Os versos de Vidal Martínez son razonabres, ben feitos e bonitos. Revelan ben a cantidade de poeta do autor. En galego terían ademais da valía que de si teñen a galanura e dozura propia do idioma. Porque os versos de «Alcor» son versos doces, de ternura e en galego ganarían. O seu autor pode facer moito bón no noso idioma.

Vidal Martínez meresce sincera felicitación ademais de agradecimento pol-o exemplar que tivo a ben nos adicar.

## NÓS, publicará axiña

DE MIN PRA VÓS, contos por Ricardo Carballal.

POESÍAS, por Euxenio Montes.

A ESCADEIRA DE XACOB, por E. Blanco Amor (novela) e outras de Otero Pedrayo, Risco, etc.

BRÉTEMA, ARMENTEIRO e EISILADOS, por Ramón Suárez Picallo.

OBRAS TEATRAES DA BIBLIOTECA DA IRMANDADE, por difrentes autores.

TRADUZON DE POESÍAS DE YEATS, con un prólogo do autor, por P. R. Castro e A. Villar Ponte.

CONTOS DE NENOS, por Correa Calderón.

Pida estas novas obras a NÓS, Real, 36-1.º A CRUÑA

## Margarida, a da sorriso d'aurora

por EVARISTO CORREA CALDERÓN

Margarida tinha na sua face o cór vermello das mazás zoadas, cantar de pájaros era o seu falar e-o engado do sol cando nasce a sua sorrisa.

Tinha qinz'anos, quince rosas frorescidas.

No seu curazón juntábase a terneza das rulas, o arume das violetas, a bondade de Deus e-a fermosura das pedras preciosas. E todo o seu curazón saílle aos olhos mouros. Bondade e ledica, porque era leda como un jógere.

Isto socedía no tempo Antigo, no país da Felicidade.

N-este país aínda había castelos. Os guerreiros ían as algarazaras cos infiels, e tornaban trunfantes cos estandartes ergueitos, aos sos dos crarís de prata.

Tambén os juglares andaban pol-os caminhos e se lhes daban algún maravedí improvisaban cantigas. Tambén andaban os cegos e-os mangantes, ca sua zanfona ou a sua gaita celta de romaría en romaría.

Margarida vivía coa sua aboinha.

Mais se non o decides a ninguén, vou a contarvos un segredo: Aquela velhina era uma Boa Fada que andaba pol-o mundo.

Un día atopou no currunchos de uma porta uma neninha moi tenra, que deixaran alí «esquecida» os seus pais.

Colheuna con moito agarimo, dicindo:

—¡Deus che traía embora!

A velhina pújolhe Margarida de nome, porque era branca e dourada como as margaridas da campía.

Non choraba endejamais, e só sabía sorrir. Estoncias os juglares que pasaban e a vían pujéronlhe este alcume: «Margarida a da Sorrisa d'Aurora.»

¿Qué lhe faltaba a Margarida para ser felis?

Na sua probeza tính'o todo. Porque a Boa

Fada que velaba por ela, quería que vivese na probeza para que non tivese orgulo da sua fermosura. Tinha o ouro do sol, a prata da lua e a lus da sua sorrisa que iluminaba total-as cousas.

Tinh'o todo e non sentía enveja de nada.

Pero ja tinha quinz'anos... É decir, que ja tinha curazón.

¿Cándo se decata un de que tén curazón? A cencia é uma cousa moi árdiga.

—¿E para que nos da Deus o curazón?—  
lhe perguntou Margarida a velhinha.

—¡Ai, meu ángele, para querer a alguén!...

Margarida non podía asomarse a fenestra, porque se a vía algún mozo ja se prendaba d'ela.

Un día, víuna un príncipe jhóuvio que pasaba co halcón na mau e namorouse perdidamente.

Déulhe o cabalo e-o alcón ao palafrén que o acompañaba, e chamou á porta da casa, con moita soberba.

Safu a velha, e dijo:

—¿Quén chama d'este modo á porta?

—¡Son eu, o príncipe Rinaldo o Gentil!

—¿Qué queres?

—Venho namorado d'uma rapariga loira que me sorriu...

—Isa rapariga loira que che sorriu é a minha neta.

—Venho namorado da tua neta.

—¿Dénde cando?

—Dende fai pouco. Abonda. O amor pode nacer n-uma mirada.

—¿De qué modo estás namorado?

—¡Estou namorado para sempre!

Estoncias a velha chamou a Margarida.

—¡Ai, Margarida! Baija un istantinho.

Baijou Margarida, sorrindo.

O príncipe Rinaldo o Gentil vénte per-tender.

—¿Qué ofresces? perguntou Margarida.

—Eu ofreszoche os meus castelos, os meus escravos, os meus cás, os meus cabalos, a minha alcurnia...

—Ainda mais...

—Ofreszoche os meus tesouros...

—¿Tés curazón?

—Non, iso non. En dejamais tiven necesidade d'il.

Pois logo...

—Pero é que estou namorado...

—¡Non podol! Vaite.

Cando quedaron soas, díjolle a aboa:

—Cuidadinho en te ponher na fenestra que te poden olhar.

Margarida dijo que non o faría, e rubíu e pújose a bordar.

Ao pouco tempo pasou pol-a rúa un buhoineiro que levaba sete dromedarios cargados de mercancia, berrando:

—¡Levo telas, encaijes, joias!

Margarida abriu a fenestra, porque toda mulher ten curiosidade, e-o mercader víuna.

Chamou a porta, e perguntou:

—E n-esta casa onde vive uma rapacinha de moi lindo sorrir?

Saíu a velha, e lhe dijo:

—¿E logo que queres?

—Quero... quero... quero... que me merque alguma cousa.

—Ah, boeno ¡Ai, Margarida! Queres que che merque algo—gritoulhe a velha a Margarida, què seguía bordando enriba.

Baijou Margarida a mercar o fio.

—¿I-él canto tén de dote? perguntou o mercader.

—¿E porque o dí, senhor?

Porque me gusta muito, e si tivera algo de dote...

—Non ten mais que a sua sorrisa.

—Pois ainda co ise defeito. Levándoa por mulher viría toda a gente a mercarme. Cua-se cuase me convinha, co ise defeito e todo,

—¿E vosté, entroques, que ofresce, senhor.

El estoncias, dijo:

—Tenho lenzos d'Holanda e de Padrón. Tenho encaijes de Brujas e Camarinhas. Lás de Cachemir. Sedas de China. Damascos e tisús. Espelhos. Mantas de parede d'Ouren-te. Colares de coral, de peíras de Ceylán. Diamantes mouros, meirandes que olhos. Quiriquís. Esenzas finas. Puchas para ne-

nos. Jógeres. Cofres de sándalo para guardar segredos. Diademas dinas de rainhas. Brazaletes de prata. Ajorcas d'ouro. Unicornios. Aros d'acebache. Refaijos de córes. Corcetas de filigrana. Denguetas bordadas en rica pedreiría, con broches de prata. Chapís de raso. Bijoubías...

—Boeno, boeno, abonda ja.

—Tenho...

—¡Abonda, abonda!

—Voulho amostrar todo.

Foi abrindo as suas caixas, e diante dos olhos pasmados das duas mulheres, foi amosando toda a sua riqueza.

Estivo moito tempo insinando aquilo. Eisí que rematou perguntoulhe Margarida:

—¿Nada mais?

—É toda a minha vida, a minha úuica riqueza.

—¡Si tiveras curazón siquera!

—Non, eso non. Non vés que non me queda tempo para pensar n-eso?

—¿Tampouco che quedará para me querer?

—E que estou namorado da tua sorrisa.

—¿Qué lhe ei de facer?

Como non sabía como se despedir, perguntou:

—¿E logo non queren mais nada?

¿Uma vara de lenzo?

—Nada, nada. Temos ledicia na nosa pro-beza.

Cando chegou a noite, Margarida foi a fonte por uma ámphora d'auga.

Baijaba pol-o caminho branco do monte—antr'os olmos que lembraban ao vento da tardinha—o Pastor da facenda do povo.

Ao vel-a—enedejamais a vira—quedouse prendado.

—¡Qué linda frol! díjolle.

—Chámome Margarida.

—¡Qué linda sorrisa tés!

—Non-o podol remediar.

—¿Quéste casar comigo?

—¿E qué me dás?

—¡Dóuche a minha soedá!

—Pouco dás.

(A seguinte).